



INVASIÓN EÓLICA NA MURALLA DE LUGO

Máis dunha ducia de aerogeradores de cartón ocupan a Muralla de Lugo para denunciar a depredación enerxética da Galiza e achegar esta problemática, concentrada nas áreas rurais, á poboación das cidades

Lugo, 12 de Maio. Dazasete aerogeradores de cartón ocupan dende esta mañá a Muralla de Lugo para denunciar a estratexia de depredación enerxética que está a sufrir o territorio galego e, de xeito diferenciado, a poboación que habita nas áreas rurais.

Na Galiza hai xa [máis de 180 polígonos eólicos](#) extendidos a través de máis de 4.000 aerogeradores e centos de km de liñas de alta tensión. Producen electricidade que podería abastecer a [13,6 millóns de habitantes](#) -nós somos 2.690.464-. Os **polígonos mariños en tramitación engadirían 422 aerogeradores máis, producindo enerxía para outros 25 millóns de persoas**. Canda eles, centos de proxectos máis continúan a súa tramitación, e o pasado 27 de abril o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou a aprobación de **75 novos polígonos industriais eólicos -20 deles ubicados nas Reservas da Biosfera-**.

Tal é a **exacerbada presión industrial que está a sufrir o noso territorio** que, malia a ser pouco común a nivel europeo que os polígonos eólicos e as súas infraestruturas ocupen ecosistemas protexidos, **na Galiza as áreas de desenvolvemento eólico invaden 107 mil ha das case 320 mil da Rede Natura 2000** e, nalgúns casos, case a totalidade da Rede Natura é Área de Desenvolvemento Eólico (ADE) -por exemplo Brañas do Xestoso, Estaca de Bares, Monte Maior ou Xubia-Castro-. En zonas de Rede Natura, o Observatorio Eólico de Galicia ten localizados máis de 1200 MW. Destaca, por riba doutros Lugares de Importancia Comunitaria (LIC), a Serra do Xistral, na Mariña lucense, onde se localiza máis do 50% desa potencia, **642,32 MW**.

Esta agresiva invasión de proxectos responde unicamente aos **intereses estratéxicos dun lobby empresarial que, privilexiado por [modificacións legislativas](#) impulsadas polos actuais partidos políticos no goberno da Xunta e do Estado, está impondo o seu modelo de**

negocio sobre os dereitos humanos e sociais do pobo galego, convertindo a nosa terra nunha **área de sacrificio** na que concentrar centos de polígonos industriais enerxéticos.

Como sinala o **Informe Macroeólicos Galicia (2021)**, estas áreas de sacrificio caracterízanse por ser maioritariamente poboadas por grupos non dominantes, empobrecidos ou invisibilizados. No caso da Galiza, **o 85,36 % dos aeroxeradores construídos ou proxectados están situados en concellos de menos de 5.000 habitantes** e teríamos 4.836 muiños en concellos de menos de 2.000 habitantes, comunidades marcadamente rurais, de rendas baixo a media, articuladas en base ás actividades agrarias e que sofren dun declive demográfico estrutural.

É fundamental que a poboación das cidades dea un paso adiante e se implique na loita contra a invasión eólica que dende fai máis de dous anos están levando adiante as numerosas plataformas de veciñanza afectada activas en todo o noso país, na defensa da nosa terra, das nosas augas, do noso medioambiente, do noso patrimonio, da nosa cultura, en definitiva, de todos e todas nós, do noso presente e do noso futuro.

Baixo a consigna **“O POBO GALEGO UNIDO CONTRA A DEPRDACIÓN ENERXÉTICA. AS CIDADES E O RURAL XUNTAS CONTRA O CAPITAL”**, o domingo 21 de maio, ás 12.30h., a coordinadora **Un Vento Vén** convoca unha **mobilización nacional que partirá da Torre da Mosquera da Muralla de Lugo** para esixir ás formacións políticas e institucións accións inmediatas e concretas para activar unha **MORATORIA EÓLICA INMEDIATA EN TODO O TERRITORIO GALEGO**, e avanzar cara un cambio radical do modelo enerxético, ao servizo das necesidades dos pobos e non dos intereses do capital, no camiño da soberanía enerxética.

Grazas pola vosa atención

Máis información: **unventoven@gmail.com** @unventovén

(TLF: 653 66 21 42)